

Apoio á consolidación das entidades da economía social e reforzo da súa presenza no tecido económico de Galicia, con especial incidencia na transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética.

Prazo aberto desde o 10 de febreiro ás 09:00h ata o 10 de abril de 2026 ás 20:00h ou ata o suposto esgotamento do crédito



Persoas beneficiarias

Cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción ou centros especiais de emprego que, entre outros cirteirios, estean inscritas nos rexistros administrativos de Galicia e conten cunha antigüidade mínima de 42 meses.

* Non serán beneficiarias as entidades que obtivesen unha resolución favorable de concesión de axudas na anterior convocatoria do Bono Consolida

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:
concorrencia non competitiva



Gastos subvencionables

PERÍODO SUBVENCIONABLE:
Do 1 de novembro de 2025 ao 30 de outubro de 2026

Os conceptos subvencionables son:

- Equipamento informático.
- Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.
- Márketing, comunicación ou relanzamento comercial.
- Mellora na eficiencia enerxética.
- Adquisición de equipamento.
- Reforma do centro de traballo.
- Mobiliario.
- Obtención de certificacións de calidade.
- Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade.
- Plan de Protección de datos.
- Elementos de transporte.
- Formación para socios do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).



Contía

A contía da axuda será equivalente ao 80 % do custo total dos gastos subvencionables, cos seguintes límites:

- 5.000 € para cada un dos gastos incluídos nos conceptos 3, 8, 9, e 10 do artigo 6 (márketing, certificados de calidade, imaxe corporativa e plans de protección de datos).
- 600 € como máximo por actividade formativa a cada socio da entidade solicitante que estea de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).

O límite máximo das axudas establécese en 30.000€ por cada entidade solicitante

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras. Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.